



Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Leiro para a execución da actuación de “Saneamento en Vilerma e eliminación da foxa séptica en Gomariz. Concello de Leiro (Ourense)”

1 A entidade pública empresarial Augas de Galicia é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de augas e obras hidráulicas

Entre outras competencias, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, correspóndelle a esta entidade a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a)) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta (artigo 11.5 a)) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d)). En calquera caso, as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento (artigo 3.1 f)).

2 Coa execución da actuación “Saneamento en Vilerma e eliminación da foxa séptica en Gomariz. Concello de Leiro (Ourense)” preténdese por un lado, construír unha pequena rede de saneamento en Vilerma e, por outro lado, eliminar unha foxa séptica existente en Gomariz a través da construción dun pozo de bombeo e a instalación das tubaxes necesarias para a conexión do novo pozo coa rede de saneamento existente.

3 Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Leiro o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte a súa sinatura ata o 31.12.2017, sendo de aplicación aos gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2017. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas no convenio.

4 O convenio ten por obxecto establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello que permitan acometer polo Concello e incorporar ao patrimonio público municipal as obras de “Saneamento en Vilerma e eliminación da foxa séptica en Gomariz. Concello de Leiro (Ourense)”, a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento.

5 O custo total da actuación de referencia contemplada no convenio financiaranse integramente por Augas de Galicia ata unha cantidade máxima de cincuenta e catro mil oitocentos corenta e catro euros con trinta e sete céntimos (54.844,37 €). Para o financiamento desta cantidade, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 6566 “Subvencións de capital. A corporacións locais” do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo á anualidade 2017.





6 O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do saneamento e depuración de augas residuais terá por finalidade contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse. Asemade, en consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias conconcorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto no artigo 19.4 c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela

O director de Augas de Galicia

Roberto Rodríguez Martínez

(asinado dixitalmente)

